

XXXIII Aninovo Barrocás 2018

VIII Aberto "Memorial Manuel Villar"

BASES

- 1º **Datas e Horarios:** (Locais da A.V.V. Barrocás)
1ª Rolda: 27 de Decembro 20:00 h. **5ª Rolda:** 3 de Xaneiro 20:00 h.
2ª Rolda: 28 de Decembro 20:00 h. **6ª Rolda:** 4 de Xaneiro 20:00 h.
3ª Rolda: 29 de Decembro 20:00 h. **7ª Rolda:** 5 de Xaneiro 16:00 h.
4ª Rolda: 30 de Decembro 16:00 h.
- 2º O Torneo ten carácter aberto a todos os xogadores federados. Será válido para **ELO FIDE**. Sistema Suízo a 7 roldas
- 3º O Árbitro Principal será David González Gándara, Árbitro FIDE.
- 4º Será obrigatorio estar federado para poder inscribirse e participar no torneo.
- 5º O Ritmo de xogo será de 90 min. + 30 seg./xogada. (Sendo obrigatorio anotar todas as xogadas). Os emparellamentos estarán confeccionados por o programa VEGA.
- 6º Os xogadores disporán dun máximo de **2 Byes** (1/2 punto). Os byes serán solicitados antes do Martes 26 de Decembro ás 15.00 (data e hora límites para o prazo de inscrición.). Non serán permitidos para a 7ª rolda.
- 7º A tolerancia por retraso será dun máximo de 30 minutos. A incomparecencia non xustificada dun xogador para unha rolda suporá a eliminación do xogador.
- 8º Non estará permitido o emprego de aparellos electrónicos na sala de xogo, (teléfonos, reprodutores, etc...), a súa utilización suporá a perda da partida, así como calquera tono emitido por estos, (chamada, alarma, vibración, mensaxe...etc.). Será recomendable derivar a custodia ou supervisión dos mesmos ao equipo arbitral.
- 9º A orde de desempates sortearase xusto ó rematar o torneo entre:
Bucholz Brasileiro (- peor resultado) / Número de victorias / Media Performance Rivais (APRO).
- 10º Serán Xuveniles (S-20) os nados en 1998 e seguintes, Cadetes (S-16) os nados en 2002 e seguintes e Infantís (S-14) os nados en 2004 e seguintes.
- 11º A entrega de premios terá lugar o día 5 de Xaneiro aproximadamente ás 20:00 horas, tras rematar a última rolda.
- 12º Dirección Técnica: Club Xadrez Ourense Directora do Torneo: Graciela Gómez Cid
- 13º Comporán o Comité de Competición: O Director do Torneo, o árbitro principal e os 2 membros de Honra do comité organizador. Serán suplentes os 2 xogadores de maior ránking de entre os participantes. As posibles reclamacións ante o árbitro principal ou ante o comité de competición deberán ir asinadas por escrito.
- 14º Exixirase ós participantes unha axeitada conducta na sala de competición, na cal non se poderá elevar o tono de voz durante a sesión de xogo. As solicitudes da presenza arbitral nunha mesa será realizada detendo o cronómetro e dirixíndose en tono considerado ao árbitro. Unha actitude contraria ó descrito acarreará sanción de tempo ou incluso a eliminación do torneo do infractor. Non estará permitido analizar as partidas xa rematadas, nin as que están por rematar, no salón de competición.
- 15º A participación no torneo implica a aceptación integral destas bases. (A organización resérvase a ampliación ou lixeira modificación das mesmas)

Premios

(Os premios non serán acumulables)

Senior:

1º	Trofeo + Fin de Semana Balnearios Caldaria
2º	Trofeo + Fin de Semana Balnearios Caldaria
3º	Trofeo Aninovo
4º	Trofeo Aninovo
5º	Trofeo Aninovo

Especiais:

Sorteo Especial:	Fin de Semana Balnearios Caldaria
Premio de Beleza	Trofeo Especial
Premio Galeón Pirata	Trofeo Especial

Xuvenil:

1º	Trofeo Aninovo
2º	Trofeo Aninovo
3º	Trofeo Aninovo

Cadete

1º	Trofeo Aninovo
2º	Trofeo Aninovo
3º	Trofeo Aninovo

Infantil

1º	Trofeo Aninovo
2º	Trofeo Aninovo
3º	Trofeo Aninovo

Trofeo-obsequio conmerativo:

Para todos os participantes

* **Entrega de Premios e Cocktail de Clausura:** **Mércores 5 de Xaneiro 20:00 h.**

Información diaria do torneo: **www.xadrezourense.com**